
AGENDA

EVENTOS PASADOS

Encontro de Cidadanía e Educomunicación: ‘Cara unha comunicación non excluín-te’. Proxecto CIDEDEC. (Santiago de Compostela, 25-26 maio)

O proxecto Cidadanía e Educomunicación ([CIDEDEC](#)), dentro da Rede Europa América Latina de Comunicación e Desenvolvemento ([REAL_CODE](#)), organizou este evento de carácter participativo co concurso de organizacións sociais galegas e doutros territorios e países, dedicadas a grupos de atención social prioritaria (muller; nenos e nenas, mozas e mozos; migrantes e persoas con diversidade funcional).



Ao redor do debate sobre a vulnerabilidade dos mencionados grupos na súa comunicación coa sociedade e coas empresas dominantes de información e entretemento, realizáronse varias conferencias, mesas de posta en común e obradoiros nos que participaron investigadoras e investigadores, xornalistas, mediadores e usuarios das organizacións sociais e activistas. O obxectivo foi pescudar na análise crítica, nas prácticas e nas estratexias de cara a potenciar unha comunicación non excluín-te, que garanta o respecto dos dereitos de toda a cidadanía.

A profesora da *London School of Economics*, **Ellen Helsper** introduciu o Encontro cunha [ponencia](#) ao redor da necesidade de corresponder as análises das desigualdades dixitais coas das desigualdades sociais nos estudos sobre educomunicación.

Doutra parte, **Natalia Ribas**, da UAB, pechou a cimeira cunha [conferencia](#) na que, baixo unha perspectiva de xénero, presentou varios eixos de análise ao redor dos espazos de fronteira, significando, entoutras, a apreciación dunha vulnerabilidade social que obriga á revisión dos discursos vitimistas.

No Encontro realizáronse varias mesas de debate, organizadas tematicamente. Destas tiráronse unhas conclusións sectoriais, ademais dunha análise xeral por parte das e dos investigadores do proxecto CIDEDEC, dirixidas á reflexión de cara ao vindeiro Encontro, cuxa celebración está prevista para finais do 2015 (sen datas concretas aínda). Pódense consultar as **Conclusións** nesta [ligazón](#).



XI Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos (Bos Aires, 6-8 de abril)

A emigración foi para Galicia, ao longo da historia, non só a saída forzada fronte ás dificultades económicas do país, senón tamén canle de comunicación co mundo e motor de desenvolvemento cultural, económico e social. En Bos Aires tivo lugar a celebración do XI Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos. “Os estudos galegos ante o cambio social e cultural: Identidades na fronteira, emigración e exilio” foi o tema escollido nesta ocasión para este congreso que reúne cada catro ano a galicianistas de diversas universidades do mundo.

A creación de imaxinarios e de identidades transfronteirizas e mestizas coa emigración de fondo estivo presente en varios dos paneis de comunicacións dun congreso no que as e os galegos de Bos Aires se reivindicaron con identidade propia, moito máis ca unha sucursal da Galicia exterior, como subliñou, na conferencia inaugural, a académica María Rosa Lojo.

A REAL_CODE, a Rede Europa América Latina de Comunicación e Desenvolvemento, estivo presente no congreso da AIEG coa comunicación “Inmigración e prostitución nos contidos mediáticos. Unha análise diacrónica ao redor da construción da Outra na prensa galega e estatal”, froito dun proxecto de investigación desenvolvido no seo do grupo de investigación compostelán CIDACOM (Cidadanía e Comunicación). A comunicación foi presentada por Ana Belén Puñal Rama que defendeu este mes de maio a súa tese doutoral sobre a representación da prostitución nos diarios españois *El País* e *ABC*.

Para máis información: http://estudiosgalegos.wix.com/congreso_bosaires

Congreso Internacional de Comunicación, Sociedad Civil y Cambio Social ‘Comunicambio’ (Castelló de la Plana, 20-22 de maio)

Investigadores e activistas, implicados no estudo e na práctica de formas de comunicación transformadoras déronse cita nesta cimeira. O evento supuxo unha oportunidade para coñecer algunhas das diversas liñas temáticas que están a dominar a investigación no eido dos movementos sociais.

Os estudosos da acción colectiva destacaron a importancia dos movementos sociais como relato dos nosos tempos. Athena Athanasiou falou da “demos” da democracia e da “política performativa”, Stephen Duncombe referíuse ao “espectáculo ético” e Thomas Tufte destacou a “dramaturxia” dos movementos sociais e a “experiencia de corporeidade” que supón expresar as emocións nunha praza. O Congreso consagrou a praza pública das cidades como símbolo dos procesos sociais, concedéndolle ao tempo unha grande importancia aos social media, nomeadamente ao twitter. Javier Toret, neste sentido, propuxo unha análise da conexión entre as dúas realidades, o espazo físico e o virtual, mediante un “modelo multicapa” que estuda como circula a información entre as redes sociais, a rúa e os medios masivos.

A perspectiva histórica veu da man de Víctor Sampedro, quen se referiu á herdanza dos movementos Nunca Máis ou Non á Guerra, recoñecendo o impacto do Nunca Máis nos movementos posteriores: “Moita da xente que se estreou mobilizándose nas praias galegas, foi logo a que convocou, literalmente, o 15M no 2011”.

Por outra banda, nas mesas de comunicacións, a investigadora do grupo CIDACOM da USC, Carme Mayugo, falou sobre a educomunicación, non como unha técnica referida a educar sobre os medios, senón como unha dinámica ambivalente entre a comunicación, a comunidade e a educación. E Helena Domínguez, tamén de CIDACOM, salientou o xurdimento da prensa okupa e a súa relación cos medios dominantes como antecedente do activismo mediático que logo dimensionou na Internet.

A selección das conferencias estivo influenciada pola experiencia do 15M, a emerxencia do fenómeno Podemos e a capacidade destes fitos para xerar cambios políticos.

Todos os vídeos das conferencias están dispoñibles en liña:

<http://www.comunicambio2015.uji.es>

PRÓXIMAS CONVOCATORIAS

III Congreso Internacional de Ciudades Amigas da Infancia (Madrid, 10-11 setembro 2015)

O comité español de UNICEF organiza este evento dirixido a actores sociais e públicos, e que persegue mobilizar os distintos sectores da sociedade, principalmente nos ámbitos locais, provinciais e autonómicos, para que actúen e colaboren ao favor da infancia e dos seus dereitos dacordo co “enfoque de alianzas (ALIA)”.

Os obxectivos deste congreso son: contribuír na iniciativa dun Pacto de Estado pola Infancia que recoñeza o valor social dos nenos como cidadáns; proporcionar un espazo de encontro e intercambio de experiencias entre diferentes axentes sociais, que contribua a compartir coñecemento e xerar propostas eficaces para avanzar no exercicio dos dereitos de nenos e nenas; impulsar o emprendemento social de e coa infancia e a adolescencia como parte das actuacións de política pública que deben contribuír á transformación da sociedade nun sentido inclusivo, equitativo e solidario.

Neste congreso participarán representantes de gobernos locais e doutras administracións públicas, técnicos municipais, membros de organizacións cidadás, expertas e expertos en infancia e adolescencia, docentes e investigadoras/es que traballan en favor dos dereitos da infancia e a adolescencia.

Para máis información: <https://congresocai.wordpress.com>

IX Congreso Internacional da Unión Latina de la Economía Política de la Información, la Comunicación y la Cultura (ULEPICC) (La Habana, 7-11 decembro 2015)

Debater e reflexionar sobre os retos da información e a comunicación nas sociedades do Sur é unha das propostas deste Congreso Internacional que organiza ULEPICC e a Facultade de Comunicación da Universidade de La Habana.

A través de catro liñas temáticas (Política, industria e autorregulación; Decolonización, identidade cultural e tecnoloxías; Crítica e emancipación nos estudos da información e Tecido social, alteridade e sostibilidade) as e os profesionais da comunicación, investigadores, académicos, estudantes e institucións reuniranse durante unha semana para pensar conxuntamente a comunicación e compartir a reflexión con destacados investigadores, como o sociólogo Armand Mattelart.

Entre as diferentes modalidades de participación destacan tres mesas de traballo relacionadas con: a comunicación popular e alternativa, a inclusión e o cambio social, e a comunicación e o desenvolvemento desde o local.

Para máis información: <http://www.icomcuba.com>

Simposio ‘Comunicación e xénero. Prostitución e prostitucións simbólicas nos medios de comunicación (Santiago de Compostela, 3-4 marzo 2016)

O Simposio está dirixido a investigadoras e investigadores en Comunicación e Xénero. Malia a que o evento prestará especial atención ás representacións da prostitución nos medios de comunicación, porén terán cabida todas aquelas achegas, investigacións e reflexións ao redor da liña de traballo en Comunicación e Xénero.

Haberá sete seccións coas seguintes temáticas: 1) Xénero/Prostitución, dereito e medios de comunicación; 2) As representacións de xénero / prostitución na prensa; 3) Xénero, inmigra-

ción e medios de comunicación; 4) Análise da recepción e dos procesos de produción mediática desde a perspectiva de xénero; 5) A construción de xénero e/ou a representación de xénero na ficción; 6) Novas tecnoloxías e construción de xénero e 7) Os estudos feministas e de xénero: metodoloxías e paradigmas.

O prazo para o envío de abstracts remata o 30 de setembro de 2015.

Máis información en: <http://proyectopromediar.wix.com/comunicacionygenero>

8º Congreso do Consello Europeo de Investigacións Sociais de América Latina (Salamanca, 28 xuño-1 xullo 2016)

Nesta edición o Consello Europeo de Investigacións Sociais de América Latina (CEISAL) xunto ao Instituto de Iberoamérica da Universidade de Salamanca organizan a proposta de debate “Tempos posthexemónicos: sociedade, cultura e política en América Latina”.

Investigadores en Ciencias Sociais de diferentes países reuniránse para compartir diferentes perspectivas sobre as realidades de América Latina.

No eixo temático de Comunicación destácase o simposio “Comunicación e Cambio Social” co que se pretende pór en común investigacións sobre a relación entre a comunicación, a comunidade e o cambio social. Será tamén unha oportunidade para analizar o cambio social a través dos medios comunitarios de diversos países europeos e de América Latina.

Para máis información: <http://ceisal2016.usal.es/es>